

PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA NO IES A CACHADA Curso 2023-2024

ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

INTRODUCCIÓN

O aumento dos problemas de saúde mental derivados das crises que estamos a vivir, demanda poñer a mirada de maneira atenta sobre a poboación infantoxuvenil, recoñecendo a necesidade de reflexionar e intervir no ámbito educativo, por ser este un espazo no que invisten un número significativo de horas ao día e no que se espera que sexan atendidos. O benestar emocional de nenos, nenas e adolescentes, debido ós procesos de cambio asociados ó seu crecemento, maduración e adquisición de novos aprendizaxes, competencias e experiencias, está soportando un estrés e unha influencia a través de internet e das redes sociais, podendo incidir de forma significativa nos procesos de conformación da autoimaxe e ó seu autoconceito, con todo o que isto determina en canto á protección do dereito básico á saúde e desenvolvemento das competencias de todo cidadán.

Durante os últimos tempos, as recomendacións internacionais e nacionais fan fincapé na importancia que relaciona a competencia social, unha das competencias clave para a aprendizaxe permanente, co benestar persoal e mental óptimo, tanto para as persoas de maneira individual, como para as súas familias e para o seu contorno social próximo. Pola súa importancia, estas recomendacións son tidas en conta nos marcos nacionais de promoción da saúde, quedando recollidas na **Estratexia Nacional de Saúde Mental**, de decembro de 2021, na que se engadiu un novo enfoque que vela polos dereitos da cidadanía, a integración social, a loita contra o estigma, a promoción da saúde mental e a prevención dos trastornos mentais, a prevención da conduta suicida e a recuperación da persoa.

A Estratexia galega de convivencia escolar 2025 recolle, dentro dunha das liñas de actuación, a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado sinalando que, a través da figura da persoa que exerza a dita coordinación nos centros educativos, se establecerán os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que se converterá nun referente para apoiar o labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna. Tendo en conta que as funcións da persoa coordinadora de benestar e protección establecidas na Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, xa viñan sendo realizadas nos centros docentes da Comunidade Autónoma galega a través do desenvolvemento do Plan de convivencia, co apoio da dinamización de convivencia, é preciso acomodar esta nova figura ao marco normativo do sistema educativo galego. Así, baixo a denominación de persoa coordinadora de benestar e convivencia regúlase a figura que asume as funcións de coordinación de benestar e protección e de dinamización de convivencia.

Neste senso, por nomeamento do Equipo Directivo, a persoa que exercerá estas funcións no IES A Cachada por un período de dous cursos académicos (2023-2024, 2024-2025) será Dna. Sabela Rodríguez García.

O obxectivo do plan deseñado é proporcionar unha ferramenta útil para a mellora do benestar emocional do noso alumnado e atender de forma integral a aquel con problemas de saúde mental e/ou emocionais, apoiar ás súas familias e promover unha rede de coidado e de atención integral e comunitaria que favoreza a recuperación e a inclusión social.

Este plan de benestar e convivencia incluírase dentro do plan de convivencia do centro e concretarase anualmente no programa xeral anual a través de accións centradas na consecución dos obxectivos establecidos que se pretenden desenvolver no curso académico correspondente.

ANÁLISE DO CONTEXTO

No escenario post pandemia, o noso compromiso co benestar do alumnado e coa súa saúde emocional non fixo senón máis que medrar. Isto pódese constatar tanto na mellora da comprensión da realidade adolescente por parte de toda a comunidade educativa, no trato humano e de coidado dispensado a todo o alumnado no día a día do centro, así como a través dos distintos plans e proxectos desenvoltos a través dos seus programas específicos de intervención, a saber:

- Plan de Acción Titorial.
- Adenda ao PAT Proposta para traballar o ámbito socioemocional e a cohesión grupal no escenario postcovid.
- Plan de Igualdade e diversidade LGBTIQ+.
- Plan de Convivencia.
- Aula de convivencia inclusiva.
- Plan permanente de formación do profesorado.
- Contrato Programa inclúe: EMOCIÓN-T, CONVÍVE-T, IGUÁLA-T
- ESPAZOSFAMILIAS.
- REDE COLABORATIVA:
 - Concello de Boiro:
 - Proxecto ENCLAVE.
 - Intervención psicolóxica gratuíta no propio centro educativo.
 - Servizos sociais.
 - CIM.
 - Policía Local e Garda Civil.
 - Cáritas.
 - Cruz Vermella.
 - Fundación Meniños.
 - Espazo de Preservación Familiar.
 - Servizo Técnico de menores.
 - Fiscalía.
 - RAOGAL E UACO.

Os principios que fan do noso centro un entorno de benestar e convivencia son:

- ❖ A ética do coidado.
- ❖ O alumnado, a razón de ser docente.
- ❖ Cambiar a nosa perspectiva sobre o alumnado vs. cambiar ao alumnado.
- ❖ Accións colaborativas baseadas no tecido de redes naturais de apoio e coidado, apertura á comunidade, protocolos claros de intervención e sistemas de apoio ao centro.

OBXECTIVOS, ACCIÓNS, TEMPORALIZACIÓN E INDICADORE DE LOGRO

OBXECTIVO	ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
En coordinación co equipamento directivo:			
Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.	<ul style="list-style-type: none"> • Implementación das liñas de convivencia • Participación activa na Comisión de Convivencia. 	Todo o curso	Mellora do clima social do centro a través de técnicas como sondaxe e observación. Redución de faltas contrarias ás normas de convivencia.
Incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas grupais	<ul style="list-style-type: none"> • As actividades do 1º trimestre están dirixidas a potenciar o clima social de aula e de centro, así como a cohesión grupal e a intelixencia emocional. • Dinámicas varias para abordar a educación para a paz e a non violencia, empregando como centro de interese a conmemoración do día de Educación para a paz. • Dinámicas varias para abordar a educación para a prevención da violencia de xénero, empregando como centro de interese o día da muller traballadora e o día internacional da prevención da violencia de xénero. 	Outubro xaneiro Novembro Marzo	A participación do alumnado. A mellora da competencia social.
Publicitarse como referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.	<ul style="list-style-type: none"> • Difusión da figura a través das historias, tanto ás familias como ao alumnado. 	outubro	A demanda que se faga do coordinador de benestar.

<p>Informar ao persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección da forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Os protocolos danse a coñecer a todo o Claustro e persoal non docente, fomentando o seu compromiso. Realizaranse reunións de seguimento. 	<p>Todo o curso</p>	<p>A eficiencia na posta en marcha dos protocolos.</p>
<p>Comunicar de forma inmediata ás forzas e corpos de seguridade do Estado ante situacións que supoñan un risco.</p>	<ul style="list-style-type: none"> As comunicacións coa Policía Municipal e coa Garda Civil do posto de Boiro son inmediatas e continxentes ás situacións que así o requiran. 	<p>Todo o curso.</p>	<p>Os contactos realizados e a rapidez na resposta de actuación.</p>
<p>– Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Traballar na materia de hábitos saudables e de forma transversal, sempre que sexa posible, os contidos relacionados coa alimentación saudable, o consumismo e a relación entre ambos. Elevar ao equipo directivo todas as carencias detectadas, de ser o caso, na Cafetería do instituto. 	<p>Todo o curso.</p>	<p>Aumento da rapazada que merenda saudable, incluso que a trae da casa.</p> <p>Mellora da competencia persoal, social e aprender a aprender.</p> <p>Mellora na calidade dos produtos da cafetería.</p>
<p>Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.</p>	<p>Dar continuidade ás formacións iniciadas o curso pasado:</p> <ul style="list-style-type: none"> A mirada apreciativa sobre o alumando con trauma. A formación sobre a prevención e intervención no acoso escolar. As prácticas restaurativas. <p>A implementación do Plan de Igualdade e diversidade LGBTIQ+, facendo especial atención á loita contra a transfobia e a violencia machista.</p>	<p>Todo o curso.</p>	<p>A mellora na formación e actualización docente.</p> <p>O benestar do alumnado pertencente ao colectivo LGBTBIQ+.</p> <p>Redución de condutas contrarias á convivencia por condutas violentas.</p>
<p>Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería</p>	<ul style="list-style-type: none"> Elevar ao equipo directivo de forma inmediata de calquera sospeita que poida implicar o tratamento ilegal dos datos. Comunicalo á persoa delegada de protección de datos da Consellería de Educación. Poñelo en coñecemento da Axencia Española de Protección de Datos. 	<p>Todo o curso.</p>	<p>Que sega sen haber casos de violencia neste sentido.</p>

con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.	<ul style="list-style-type: none"> • En caso de dúbidas, solicitar asesoramento do asesor xurídico da propia consellería. 		
En coordinación co departamento de orientación			
Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade de elección de delegado, con proposta de traballo para a posta en valor dos valores democráticos. • Xornada de convivencia para o alumnado de nova incorporación. • Obradoiro de prevención de condutas violentas para 2º de ESO. • Programa de mediación escolar. • Programa de prevención do acoso escolar. Colabora Concello de Boiro. Proxecto ENCLAVE. • Prevención do abuso sexual infantil en adolescentes. Colabora AMINOgal. • Programa de prevención de condutas aditivas. Equipo de Belén Montesa e Juan Carlos Permuy. Colabora Concello de Boiro. Proxecto ENCLAVE e CP INCLÚE. • Programa de regulación emocional. Equipo de Belén Montesa e Juan Carlos Permuy. CP INCLÚE 	Todo o curso.	Mellora da competencia persoal, social e aprender a aprender.
Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.	<ul style="list-style-type: none"> • Nas reunións de coordinación co profesorado titor, farase seguimento do clima social de cada grupo clase e das posibles relacións sociais que dificulten ou atenten contra a convivencia. Derivaranse ao departamento de orientación e xefatura de estudos para a súa intervención e corrección, de ser o caso. • Titoría personalizada a través do titor/a, orientadora e, en varios casos, coa xefatura de estudos. Compromisos pedagóxicos e condutuais co alumnado en risco de exclusión social, inadaptación escolar, 	Todo o curso.	Redución das intervencións específicas. Mellora do clima social das aulas. Redución de casos de exclusión social.

proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.			
---	--	--	--

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación terá carácter continuo e avaliaremos tanto a consecución dos obxectivos xerais coma dos obxectivos propostos en cada actividade e que figuran á súa vez en plans específicos. Así mesmo, avaliarase a coordinación entre o profesorado, a participación activa de toda a comunidade educativa, a satisfacción do alumnado, o grao de participación de axentes externos (asociacións, familias, concello, etc.) e a inclusión das accións expostas nas programacións das diferentes materias e no propio día a día do centro. Por último, farase un balance global seguindo os indicadores expostos na táboa. O equipo avaliador estará composto pola persoa coordinadora, o grupo de profesores e profesoras implicados no departamento de orientación, os membros do Equipo do Equipo Directivo e a Comisión de Convivencia. Os instrumentos empregados serán a observación, enquisas, sondaxes e cuestionarios, o estudo de casos, así como a análise das condutas contrarias as normas de convivencia de centro.